

Produto interior bruto galego e estatal

O PIB galego incrementouse no último trimestre do ano 2015 en 0,8 décimas (0,8 tamén en España), o que leva a un incremento interanual dun 2,6%, 0,9 puntos inferior á media estatal. Con estes valores, o crecemento anual do PIB para o ano 2015 queda nun 3,2 para o conxunto do Estado, e dun 2,1 para Galicia.

Variación interanual porcentual do PIB (Índices de volume encadeados, referencia ano 2010=100. Datos Corrixidos de estacionalidade e calendario) Galicia-España 2009-2015 (*)


	% (T/T-4)	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	3T14	4T14	1T15	2T15	3T15	4T15
Galicia		-3,6	0,2	-1,3	-2,7	-0,7	0,4	2,1	0,5	0,8	1,4	1,9	2,2	2,6
España		-3,8	0,0	-1,0	-2,6	-1,7	1,4	3,2	1,7	2,1	2,7	3,2	3,4	3,5

Fontes: INE (Contabilidade Nacional Trimestral), IGE

(*) os valores anuais para o PIB estatal para os anos 2011-2014 foron recalculados no pasado setembro (ver nota de prensa INE do 15.09.2015) rexistrándose valores inferiores aos calculados previamente nos anos 2011a 2013

Obsérvase no gráfico da variación interanual do PIB en España e Galicia que a evolución do PIB tanto en España como en Galicia segue a ser alcista e que, se ben o crecemento interanual do PIB galego segue a ser inferior ao do PIB español, a diferenza entre o crecemento dun e doutro estase a reducir nos dous últimos trimestres do 2015.

O gráfico representa a evolución da variación interanual dos PIB galego e estatal dos últimos 16 trimestres. A evolución ao alza do PIB que se viña observando nos últimos trimestres acentúase no caso de Galicia, mentres que no caso de España se mantén o ritmo dos últimos trimestres, se ben cómpre destacar que a citada tendencia é máis forte e prolongada no conxunto do Estado do que é en Galicia.



Poboación activa, contratación, paro rexistrado e afiliación á Seguridade Social

No primeiro trimestre do 2016, a Enquisa de Poboación Activa (EPA) reflicte para Galicia unha diminución da poboación activa dun total de -6.200 persoas respecto do trimestre anterior (-0,50%, superior en case tres décimas á diminución rexistrada no conxunto do Estado) e unha diminución de -14.200 persoas respecto do primeiro trimestre do ano 2015 (o que supón unha diminución da poboación activa galega do -1,13% nos últimos doce meses, que é sensiblemente superior á rexistrada en España (-0,34%). Pola súa banda, a ocupación en Galicia tamén se reduciu no primeiro trimestre deste ano en -11.400 persoas, un -1,1% menos que no trimestre anterior, se ben en termos interanuais rexístrase un incremento da ocupación do 3,4%, lixeiramente por riba do incremento rexistrado a nivel estatal (en España, a ocupación diminuíu neste trimestre en -64.600 persoas, que representan unha diminución do -0,4% respecto ao trimestre pasado, e un incremento da ocupación do 3,3% no balance interanual). Tomando como referencia a taxa de ocupación, esta acadou en Galicia o 43,4% fronte ao valor do 43,9% do trimestre pasado, e unha taxa de ocupación do 41,8% no trimestre equivalente do ano anterior. En canto á variación do paro, este incrementouse en 5.100 persoas (un 2,3%) respecto do anterior trimestre, e reduciuse en -47.800 persoas no balance interanual (un -17,7% menos). Con estes valores, a taxa de paro fica no 18,2% (preto de tres puntos menor á media española do 21,0%), fronte a unha taxa do 17,7% no trimestre anterior, e do 21,8% no primeiro trimestre do 2015.

No relativo á contratación, no primeiro trimestre do ano asináronse 191.666 contratos novos en Galicia, que supoñen un descenso do -0,66% respecto ao 4º trimestre do 2015, e un incremento dun 6,51% respecto do número de novos contratos no 1º trimestre do ano pasado. Por sectores de actividade, o sector servizos foi o único que tivo un comportamento negativo respecto do trimestre

anterior, se ben foi o que tivo o mellor comportamento nos últimos 12 meses, cun crecemento do 8,24%. Os sectores industrial e agricultura/pesca tamén viron incrementado o número de contratos asinados neles (6,72% e 4,88%, respectivamente), mentres que a nota negativa nos últimos 12 meses ven dada pola construción, onde a contratación reduciuse nun -12,69%. Atendendo ao tipo de contrato asinado, os contratos indefinidos foron os únicos que amosan crecemento tanto trimestral como interanual, se ben o modelo de contrato temporal foi o que máis se incrementou nos últimos 12 meses, cun crecemento dun 8,24%.

No primeiro trimestre de 2016, o paro rexistrado en Galicia incrementouse con forza en xaneiro respecto ao mes anterior, descendendo con menor intensidade en febreiro e marzo. Por sexos, este comportamento acentúase entre as mulleres respecto aos homes. Por sector de actividade, o incremento do paro de xaneiro débese principalmente ao sector servizos e, en menor medida, á construción. Porén, todos os valores interanuais de paro rexistrado amosan redución en distinta medida: ben por riba do -10% na industria e na construción (con valores que oscilan entre o -13% e o -16%), preto do -10% no colectivo de persoas sen emprego anterior, entre o -5% e o -6% no sector servizos e entre o -3,5% e o 6% no sectores agrícola e pesqueiro.

A variación mes a mes dos datos da Tesourería Xeral da Seguridade Social no primeiro trimestre do ano amosan para Galicia a mesma tendencia que o paro rexistrado: decrecemento da afiliación no mes de xaneiro do -1,61% con respecto do mes anterior, e un crecemento máis atenuado nos meses de febreiro e marzo arredor do 0,5%. Pola contra, os valores interanuais para os tres primeiros meses do ano amosan un crecemento constante no entorno do 1,9%. O comportamento desta variable no ámbito estatal segue a mesma tendencia, aínda que con valores de crecemento da afiliación máis intensos (arredor do 3% de media para o trimestre).

Valores Poboación Activa Galicia-España 1º Trimestre 2016

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior		Variación mesmo trimestre ano anterior	
		Diferencia	Porcentaxe	Diferencia	Porcentaxe
Galicia	1.249,0	-6,2	-0,5	-14,2	-1,1
España	22.821,0	-52,7	-0,2	-78,4	-0,3

Fonte: Enquisa de Poboación Activa - INE (datos en miles)

Datos contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector, 1º Trimestre 2016

	Trimestre actual	Var. trimestre anterior	% Var. trimestre anterior	Var. trimestre ano anterior	% Var. trimestre ano anterior
1º Trimestre 2016	191.666	-1.282	-0,66%	11.711	6,51%
Homes	100.142	2.131	2,17%	4.134	4,31%
Mulleres	91.524	-3.413	-3,60%	7.577	9,03%
<30 anos	57.924	-577	-0,99%	3.767	6,96%
entre 30 e 44 anos	89.687	-392	-0,44%	3.464	4,02%
>44 anos	44.055	-313	-0,71%	4.480	11,32%
Indefinido	17.618	1.771	11,18%	692	4,09%
Temporal	169.442	-2.495	-1,45%	12.904	8,24%
Prácticas / Formación	2.299	-593	-20,50%	-1.508	-39,61%
Outros	2.307	35	1,54%	-377	-14,05%
Agricultura e Pesca	5.863	625	11,93%	273	4,88%
Industria	33.243	1.162	3,62%	2.092	6,72%
Construción	11.746	1.212	11,51%	-1.707	-12,69%
Servizos	140.814	-4.281	-2,95%	11.053	8,52%

Fonte: Boletín Mensual de Contratación, Consellería de Economía, Emprego e Industria

Paro rexistrado en Galicia por xénero, idade e sector, 1º Trimestre 2016

1T 2016	Mes actual			variación mes anterior			% variación mes anterior			variación mes ano anterior			% variación mes ano anterior		
	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo
TOTAL	236.447	235.268	231.797	7.639	-1.179	-3.471	3,34%	-0,50%	-1,48%	-22.555	-22.281	-20.340	-8,71%	-8,65%	-8,07%
Homes	110.132	108.863	106.796	3.308	-1.269	-2.067	3,10%	-1,15%	-1,90%	-13.465	-13.341	-11.489	-10,89%	-10,92%	-9,71%
Mulleres	126.315	126.405	125.001	4.331	90	-1.404	3,55%	0,07%	-1,11%	-9.090	-8.940	-8.851	-6,71%	-6,61%	-6,61%
<30 anos	32.933	33.193	32.639	1.857	260	-554	5,98%	0,79%	-1,67%	-5.709	-5.122	-5.027	-14,77%	-13,37%	-13,35%
entre 30 e 44 anos	89.025	88.075	86.092	3.374	-950	-1.983	3,94%	-1,07%	-2,25%	-12.194	-11.297	-12.059	-12,42%	-12,42%	-11,60%
>44 anos	114.489	114.000	113.066	2.408	-489	-934	2,15%	-0,43%	-0,82%	-4.652	-4.674	-4.016	-3,90%	-3,94%	-3,43%
Agricultura e Pesca	9.221	8.924	8.673	-8	-297	-251	-0,09%	-3,22%	-2,81%	-343	-579	-383	-3,59%	-6,09%	-4,23%
Industria	28.535	27.894	27.818	-317	-641	-76	-1,10%	-2,25%	-0,27%	-5.284	-5.417	-4.567	-15,62%	-16,26%	-14,10%
Construción	28.685	28.055	27.591	544	-630	-464	1,93%	-2,20%	-1,65%	-5.255	-5.108	-4.331	-15,48%	-15,40%	-13,57%
Servizos	151.806	151.908	149.138	7.336	102	-2.770	5,08%	0,07%	-1,82%	-9.668	-9.387	-9.127	-5,99%	-5,82%	-5,77%
Sen emprego anterior	18.200	18.487	18.577	84	287	90	0,46%	1,58%	0,49%	-2.005	-1.790	-1.932	-9,92%	-8,83%	-9,42%

Fonte: Boletín Mensual do Paro rexistrado, Consellería de Economía, Emprego e Industria, Xunta de Galicia

Datos de Afiliación á Seguridade Social Galicia-España, 1º Trim. 2016

	Afiliacións media 1ºTrim. 2016			Variacións											
	xaneiro	febreiro	marzo	mes anterior			interanual			xaneiro	febreiro	marzo			
				absoluta	relativa	absoluta	relativa								
	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo			
Galicia	930.882	935.537	940.548	-15.241	4.665	5.011	-1,61%	0,50%	0,54%	17.553	17.692	17.487	1,92%	1,93%	1,89%
España	17.104.357	17.167.712	17.305.798	-204.043	63.355	138.086	-1,18%	0,37%	0,80%	529.045	495.490	472.997	3,19%	2,97%	2,81%

Fonte: IGE Informe de afiliación á seguridade social (segundo datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social)

A sinistralidade laboral mantén e mesmo acelera no 2016 a tendencia á alza observada no ano 2015. Ata febreiro, o número de accidentes laborais con baixa en xornada de traballo aumentou nun 7,01% respecto aos dos primeiros meses de 2015. Resulta especialmente preocupante o feito de que os accidentes graves e os mortais sexan os que maior incremento rexistran, cun 20,3% e un 28,6% respectivamente.

Se analizamos os datos por sectores de actividade, a construción foi a que tivo un mellor comportamento, rexistrándose un decrecemento dos accidentes leves e moi graves, respectivamente, se ben os graves incrementáronse nun 20%. Neste capítulo dos accidentes graves, o sector agrícola foi o único para o que se rexistrou un decrecemento da sinistralidade.

Accidentes laborais con baixa en xornada de traballo por sectores de actividade e gravidade. Galicia, Xaneiro-Febrero 2015-2016

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2014	2015	% Var	2014	2015	% Var	2014	2015	% Var	2014	2015	% Var
Agricultura	158	165	4,43	13	10	-23,08	0	0	0,00	171	175	2,34
Pesca	172	186	8,14	5	10	100,00	0	3	-----	177	199	12,43
Industria	1.003	1.100	9,67	9	13	44,44	1	3	200,00	1.013	1.116	10,17
Construción	429	415	-3,26	10	12	20,00	4	1	-75,00	443	428	-3,39
Servizos	1.967	2.115	7,52	22	26	18,18	2	2	0,00	1.991	2.143	7,63
Total	3.729	3.981	6,76	59	71	20,34	7	9	28,57	3.795	4.061	7,01

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. ISSGA.

Conflitividade laboral

Segundo os datos provisionais facilitados polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social para 2015, en Galicia leváronse a cabo 83 folgas, o que supón un descenso dun -21,7% fronte as do mesmo período do ano 2014, lixeiramente por riba da redución observada no conxunto do Estado, cun -20,8%. A repercusión destes conflitos en función das persoas traballadoras que participaron neles tamén se reduciu, se ben o fixo en menor medida (-17,5%, fronte a unha redución dun -21,4% estatal)). Pola súa banda, as xornadas non traballadas con motivo de folga tamén diminuíron, neste caso nun-28,5%, redución sensiblemente superior á rexistrada en España, onde foi dun -19,8%.

Folgas realizadas, traballadores participantes e xornadas non traballadas Galicia-España Xaneiro-Diembro 2015

	Folgas		Traballadores participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período ano anterior
Galicia	83	-23	20.342	-4.311	36.230	-14.458
España	615	-162	170.528	-46.519	497.483	-123.085

Estadística de folgas e pechos patronais. Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

(datos provisionais)

Datos de expedientes de regulación de emprego

Tras pechar os datos dos Expedientes de Regulación de Emprego en Galicia no primeiro trimestre de 2016, apréciase unha diminución no conxunto dos expedientes tramitados (196 fronte a 230 no período de referencia do ano pasado, un -14,8%), se ben o comportamento é ben dispar segundo o sector de actividade ou a medida aplicada. Atendendo ao tipo de medida aplicada, mentres que se rexistrou un incremento nos expedientes por despedimentos colectivos (11,1% máis) e por suspensión de contratos (8,5% máis), o notable decrecemento rexistrado nos expedientes por redución de xornada (-58,7%) é o responsable da diminución global do número de expedientes. Por outra banda, se nos fixamos nos sectores de actividade afectados, os expedientes reducíronse na industria case a metade (-48,7%) e aínda en maior medida no sector servizos (-58,4%, se ben houbo 2 expedientes por despedimentos colectivos máis dos rexistrados no mesmo período do 2015). Porén, o sector pesqueiro incrementou os expedientes presentados case nun 40%, todos eles de suspensión de contratos, e os presentados na construción incrementáronse nun 27,3%.

Neste mesmo período apréciase un incremento do 85,6% no número de persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación de emprego, tanto para homes (2.153 fronte aos 1.254 do ano anterior) como para mulleres (807, cando en 2015 foron 341 as mulleres afectadas) Compre sinalar que as mulleres vense proporcionalmente máis afectadas polo incremento observado.

Expedientes de regulación de Emprego segundo a medida e o sector de actividade (Xaneiro-Marzo 2016)

	Despedimentos colectivos			Suspensións de contratos			Reducións de xornada			Totais		
	2015	2016	% Var.	2015	2016	% Var.	2015	2016	% Var.	2015	2016	% Var.
Agricultura	0	0	0,00%	0	0	0,00%	0	0	0,00%	0	0	-----
Pesca	0	0	0,00%	89	124	39,33%	0	0	0,00%	89	124	39,33%
Industria	6	3	-50,00%	14	9	-35,71%	19	8	-57,89%	39	20	-48,72%
Construción	0	2	-----	8	11	37,50%	3	1	-66,67%	11	14	27,27%
Servizos	3	5	66,67%	30	9	-70,00%	58	24	-58,62%	91	38	-58,24%
TOTAL	9	10	11,11%	141	153	8,51%	80	33	-58,75%	230	196	-14,78%

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. Secretaría Xeral de Emprego

A *Encuesta Trimestral de Coste Laboral* do INE para o último trimestre de 2015 indica que o valor medio do custo salarial por persoa traballadora e mes foi de 2.370,6 € no trimestre (un descenso interanual dun -0,3%); rematado xa o ano, o descenso anual pasa a ser dun -0,7%. O valor medio por persoa traballadora e mes dos custos salariais en Galicia foi de 1.775,8 € (un incremento interanual do 0,4%). Porén, a súa variación anual para o conxunto do 2015 foi negativa, cun descenso rexistrado dun -0,3%

Custos laborais e salariais. Galicia. 2010-2015

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo salarial por persoa traballadora e mes	
	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.
2010	2251,3	2,3	1663,2	3,0
2011	2265,3	0,6	1669,7	0,4
2012	2206,2	-2,6	1618,1	-3,1
2013	2260,2	2,4	1656,0	2,3
2014	2261,4	0,0	1654,0	0,0
2015	2246,2	-0,7	1649,0	-0,3
3T14	2204,8	0,0	1602,8	0,2
4T14	2378,7	0,6	1769,0	-0,5
1T15	2175,0	0,2	1582,3	0,6
2T15	2242,9	-2,1	1635,8	-2,2
2T15	2196,2	-0,4	1601,9	0,0
4T15	2370,6	-0,3	1775,8	0,4

Fonte: INE (*Encuesta trimestral de coste laboral*)

Sociedades constituídas, disoltas e ampliacións de capital

No primeiro trimestre de 2016 constituíronse 1.275 sociedades mercantís, dato que representa un incremento notable no número de sociedades constituídas tanto respecto do trimestre anterior (37,5% máis, aínda que haxa que resaltar que estas sociedades se constituíron case coa metade de capital que as que se constituíron no trimestre anterior) como do mesmo trimestre do ano pasado (un 15,4% máis). Pola contra, o número de sociedades que ampliaron capital reduciuse respecto aos citados trimestres nun -0,7% e nun -11,6% respectivamente, se ben compre destacar que as sociedades que ampliaron capital no primeiro trimestre de 2016 fixérono en moita maior medida que as que o fixeron no cuarto trimestre de 2015 (o 65,2% máis) ou no primeiro trimestre de 2015.

Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 1º Trimestre 2016

	Dato do trimestre		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado	% variación de capital respecto ao trimestre pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto mesmo trimestre do ano pasado	% variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	1.275	94.918,1	348	-96,7%	170	33,1%
Sociedades que ampliaron capital	412	520.837,5	-3	65,2%	-54	39,6%

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Sociedades mercantís disoltas ou que reducen capital, 1º Trimestre 2016

	1T 2015	4T 2015	1T 2016
Sociedades disoltas	511	423	484
Sociedades que reducion capital	164	59	78
Sociedades en situación concursal	76	83	79

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Respecto da disolución de sociedades mercantís, disolvéronse 61 sociedades máis que no trimestre anterior e 27 sociedades menos que no primeiro trimestre de 2015, tendencia que se mantén no tocante ás sociedades que reducion capital (32,2% máis e -52,4% menos, respectivamente). Tamén rexistráronse seis procesos de rescisión de empresas, 24 de fusión e 79 entraron en situación concursal (4 menos que no trimestre anterior, pero 3 máis que no primeiro trimestre de 2015)

Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

As actuacións deste Consello a prol da negociación colectiva e o seu procedemento de solución extraxudicial de conflitos (AGA) incrementáronse notablemente neste trimestre. Rexistráronse 30 solicitudes de mediación e arbitraje ao abeiro do AGA, manténdose a porcentaxe de acordos acadados por riba do 80% das mediacións e arbitrajes que tiveron lugar. No referente á negociación colectiva, asinouse neste trimestre o novo Convenio colectivo autonómico sectorial do Xogo do Bingo, e puxéronse en marcha as negociacións para novos convenios nos seguintes sectores: a nivel autonómico, Residencias privadas da terceira idade, Transporte de enfermos e accidentados en Ambulancia, Perruquerías e Beleza, Dobraxa e Instalacións deportivas e Ximnasios; a nivel provincial, o convenio colectivo de Hostalería da provincia da Coruña e Derivados do cemento da provincia de Pontevedra.

Entre os aspectos salientables da actividade neste trimestre compre tamén destacar as publicacións da Memoria de actividades do Consello correspondente ao ano 2015, así como o Informe de Negociación Colectiva correspondente aos anos 2013-2014

Pode consultar máis información específica da situación da negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva do Consello: http://cgrl.xunta.es/g_neco2.html

Consello Galego de Relacións Laborais

http://cgrl.xunta.es/g_soclab.html

Algalia de Abaixo, 24 - 15781 Santiago de Compostela - Teléfono 981 541 601 - Fax 981 541 610

